

# Lugo lembra a Luisa Pérez, a primeira enxeñeira agrónoma de Galicia

Protagonizou a cerimonia de entrega do V Concurso de Traballos Fin de Grao sobre Enxeñaría e Muller Rural onde se premiou a Daniela Filipa Lourenço

Por Redacción - 11/03/2021



Luisa Pérez-Soba y Baró, primeira enxeñeira agrónoma de Galicia e quinta de España.

A memoria e o legado da primeira enxeñeira agrónoma de Galicia, **María Luisa Pérez-Soba y Baró** (Burgos 1930- A Coruña 2021), recobrou este xoves actualidade no Campus de Lugo da USC no marco da cerimonia de entrega de premios do V Concurso de Traballos de Fin de Grao sobre Enxeñaría e Muller Rural, unha sesión que serviu de escenario para que as comisións de igualdade de xénero da **Escola Politécnica Superior de Enxeñaría** e da **Facultade de Ciencias** da USC tributaran unha particular homenaxe a quen tamén foi a quinta enxeñeira agrónoma de toda España, logo de completar os seus estudos entre 1954 e 1959 nunha promoción eminentemente masculina e na que so había dúas mulleres.

A catedrática **Isabel Fernández**, que traballou na revisión da biografía desta pioneira no ámbito da enxeñaría agrónoma xunto coa súa colega docente **Esther Gómez Fórneas**, foi a encargada de sinalar algúns dos logros acadados por Pérez-Soba y Baró, que se atopa entre as persoas que impulsaron a creación do Colexio Oficial de Enxeñeiros Agrónomos de Galicia, un órgano de cuxa sede coruñesa actuaría como secretaria entre 1962 e 1976.

O recoñecemento explícito desde o Campus de Lugo á figura de Pérez-Soba y Baró serviu de colofón da cerimonia de entrega de premios do V Concurso de TFG sobre Enxeñaría e Muller Rural, unha iniciativa promovida desde a **Comisión de Igualdade de Xénero** da EPS de Enxeñaría de Lugo para outorgar visibilidade ao cometido que desenvolven e poden desenvolver as mulleres nun ámbito tecnolóxico como o que constitúen as enxeñarías.

A subdirectora da EPS de Enxeñaría da USC, **Rosa Romero**, foi a encargada de conducir un acto co que o centro universitario lugués tamén conmemora o Día Internacional da Muller Traballadora e no marco do que tamén participaron como relatoras a profesora **Dolores Fernández Rodríguez**, coordinada da

Comisión de Igualdade de Xénero da EPSE) e a enxeñeira galardoada neste certame, **Daniela Filipa Lourenço dos Santos**.



*De esquerda a dereita e de arriba a abaixo, Rosa Romero, Isabel Fernández, Daniela Lourenço e Dolores Fernández.*

Lourenço dos Santos, que recibiu como premio unha gratificación en metálico de 200 euros, aproveitou a súa intervención para explicar a temática do seu **Traballo de Fin Grao**, un estudo no que trata o desenvolvemento e a optimización de sistemas construtivos innovadores para unha construción sostible.

O obxectivo deste traballo técnico, relatou, é o desenvolvemento, a optimización e a validación de sistemas construtivos mediante a xeración de ferramentas de cálculo que permitiron analizar o seu comportamento en **distintas situacións**, modificando os parámetros e variables. Unha vez validadas as ferramentas de cálculo, o TFG fai varias comparativas entre os sistemas innovadores presentados e os que se viñan usando tradicionalmente na construción en madeira para obter conclusións sobre onde será máis útil e competitivo o uso dos sistemas **LIFE EcoTimberCell**, explica.

### **Mulleres e medios rurais**

A veterinaria cordobesa e autora, entre outras obras, de 'Tierra de Mujeres', **María Sánchez**, ofrecerá este martes 16 de marzo, a partir das 17.00 horas, a través da canle de YouTube do Campus Terra da USC, o relatorio 'Mulleres e medios rurais: outra narrativa é posible'.

Esta actividade divulgativa, de acceso libre e gratuíto para todo o público interesado, está organizada pola Vicerreitoría de Coordinación do **Campus de Lugo** en colaboración coas comisións de igualdade de xénero da sede universitaria luguesa, con motivo da celebración do Día Internacional da Muller Traballadora.